

INTRODUCCIÓN

O Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD), ten entre as súas funcións a de programar e supervisar as actividades deportivas que se levan a cabo nas súas instalacións. Entre estas actividades contéplase a tecnificación deportiva durante os períodos vacacionais, fundamentalmente as realizadas durante o mes de xullo.

A continuación detállase a información contida no Regulamento de Réxime Interno (RRI) do centro, que regula as actividades de tecnificación en períodos vacacionais. Rogámoslles lean esta información e a fagan chegar aos deportistas.

A solicitude para desenrolar actividades de tecnificación deportiva durante períodos vacacionais, leva implícita a aceptación das normas do centro e do seu regulamento de réxime interno

HORARIOS DE INTERESE

-O horario do comedor é o seguinte:

-Almorzo: 9:00 a 9:30
O comedor debe quedar libre ás 9:45

-Comida: 14:00 a 14:30
O comedor debe quedar libre ás 14:45

-Cea: 20.45 a 21:15
O comedor debe quedar libre ás 21:30

-O horario xeral das instalacións **será de 8:30h a 14:30h e de 16:00h a 22:00h de luns a venres.**

-Non se poderá acceder ás habitacións entre as 09:45 e as 13:30h, para facilitala súa limpeza.

-A hora límite de entrada na residencia será ás 23:30h, debendo gardar silencio a partir das 24:00h.

-A hora límite de entrada para adestradores, delegados e deportistas maiores de 18 anos será ás 00.00h. Lémbrese que os menores deberán permanecer na residencia a partir das 23:30h e sempre cun responsable.

-O último día deberán deixar baleira a habitación antes das 10:00h.

NORMAS DE CONVIVENCIA

NORMAS DO COMEDOR

-Por motivos de hixiene e limpeza, todos os alimentos deberán consumirse no interior do comedor.

-Non está permitido o uso do teléfono móbil dentro do comedor.

-Non está permitido o acceso con gorros, sombreiros ou calquera outra prenda que cubra a cabeza.

-Non se pode introducir comida ou bebida do exterior.

-Unha vez rematen de comer, os usuarios do comedor teñen a obriga de recoller e depositar a súa bandexa nos carros do comedor, ademáis de colocar as xarras de auga e as aceiteras no seu sitio.

NORMAS DAS HABITACIÓNS

-Os deportistas teñen a obriga de coidar e manter en bo estado as súas habitacións.

-Cada deportista debe facela súa cama colocando nela todas as sabas que para elo se lle deixan.

-No suposto de danos ou desperfectos non fortuítos, *os custos da reparación serán aboados polas persoas responsables do grupo ou pola Federación da que dependan.*

-Para facilitalas tarefas de limpeza, os deportistas deberán deixar a cama feita, as xanelas abertas e a habitación ordeada antes das 09:45h.

-Por razóns de hixiene, non se permite almacenar ou consumir alimentos nas habitacións.

-Deberanse respectar as horas de descanso: 15:00h a 16:00h e de 24:00h a 7:30h.

-Os deportistas deberán comunicar ao conserxe calquera incidencia ou avaría detectada.

-Segundo establecen as normas municipais, non está permitido colgar roupa ou depositar obxectos nas fiestras.

-Por razóns de seguridade, non está permitido o uso de calefactores ou dispositivos eléctricos nas habitacións.

NORMAS DE USO DAS DEPENDENCIAS COMÚNS

-Son dependencias comúns a sala de TV, a zona de xogos, a biblioteca, a sala de ordenadores, o salón de actos e as salas de estudo.

-Calquera incidencia ou dano detectado nas zonas comúns deberá ser notificado inmediatamente á conserxería para proceder o máis rápido posible a súa reparación.

-Cualquera dano de orixe vandálico, suporá asumir o custo da súa reparación por parte da federación responsable dos deportistas, ao tempo que se terá en conta á hora de volver a autorizar concentracións á mesma federación.

LAVANDERÍA

-Como norma xeral, non haberá servizo de lavandería durante as concentracións

-A excepción farase para as estancias de 5 días ou máis. Neste caso:

- Entrega de roupa: mércores antes das 9:00h, nunha bolsa pechada que se depositará dentro dos cestos situados no soto.
- Recollida: xoves de 13:00 a 14:30h. na lavandería
- Só se lavará a roupa deportiva e a roupa interior (sen aros).
- Toda a roupa deberá marcarse co número da habitación.

-As sabas baixaranse o último día da concentración antes das 9:00h e depositaranse nos contedores situados na entrada da residencia a tal efecto.

RESPONSABILIDADES

-A responsabilidade sobre o coidado dos deportistas concentrados recaerá en todo momento sobre as persoas que a federación correspondiente nomeou como responsables da mesma.

-Manter en todo momento o diñeiro e os obxectos de valor debidamente gardados. O centro non se fai responsable dos mesmos.

CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA

RESUMO DAS NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA NO CENTRO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

C.G.T.D. PONTEVEDRA

R/ Padre Fernando Olmedo1, 36002

Pontevedra

Teléfono CGTD: **886 159 674 / 886 159 677**

Teléfono preceptoras: **886 159 682**

Fax CGTD: 886 159 680

E-mail

CGTD: cgtd@xunta.gal

Preceptoras: preceptoras.cgtd@xunta.gal